



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2020/3	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de xaneiro de 2020
Duración	Desde as 12:35 ata as 12:50 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0424**	AURORA PRIETO GAGO	SÍ
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	NON
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	NON
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	NON
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA





Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 20 de xaneiro de 2020

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o borrador da acta da Xunta de Goberno Local realizada o día 20 de xaneiro de 2020.

Expediente 308/2020. Solicitud de sinalización horizontal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.D.F. na que demanda o pintado de liña amarela na entrada do garaxe sito en rúa Redondela nºX.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 16.01.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Se informe que por parte desta policía non existe inconveniente en sinalizar horizontalmente coa liña amarela".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por M.D.F., para sinalización horizontal.

Expediente 390/2020. Solicitud de baixa de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.R.R., na que demanda a baixa de sinal de pasaxe permanente nº 301 para a rúa Baiona, nº X.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 20.01.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

" Se informa que por parte desta policía non hai inconveniente en acceder ao solicitado. E crese conveniente que unha vez retirado o sinal de pasaxe permanente, os servizos de sinalización pinten una praza de estacionamento no lugar".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por M.R.R., para baixa de sinal de pasaxe permanente nº 301 en rúa Baiona, nº X, coas seguintes condicións:

1ª) Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/interesada está ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.





2ª) Que por parte do/da interesado/interesada se proceda á devolución da placa de referencia no departamento de tesourería.

3ª) Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ao cobro a taxa correspondente.

Expediente 402/2020. Solicitud de sinalizacións varias

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por 'Ambulancias do Atlántico SL', na que demanda o pintado de marcas viais e reposición da sinalización vertical para a zona de estacionamento reservado da base do 061, sito en rúa Longán nº X, con licenza de pasaxe permanente nº 1096.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 20.01.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

" Se informa que por parte desta policía non hai inconveniente en acceder ao solicitado".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por 'Ambulancias do Atlántico SL', para pintado de marcas viais e reposición da sinalización vertical para a zona de estacionamento reservado da base do 061, sito en rúa Longán nº X, con licenza de pasaxe permanente nº 1096.

Expediente 7181/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7181/2019.- A "R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA SA", titular do CIF nº A15474281, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Real, nº 85-15003-A Coruña, para no lugar de rúa Pancho Eiroa, conceder licenza de obras para executar una canalización soterrada de servizo de telecomunicacións por cable de 78,70 ml. e arqueta, de acordo coa documentación que obra no expediente de data setembro de 2019 e visto o informe do arquitecto municipal de data 15.01.2020.

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa.

Deberá regular o tráfico durante as obras.

Non se permiten reposicións parciais.





Concello de Cangas

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Deberá depositar un aval por importe de trescentos euros (300,00 €), para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberá axustarse, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou máis de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar todo o vial.

* Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar todo o vial.

Para a conexión coas vivendas, advírtese da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 4605/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4605/2018.- Autorizar a "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB, a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para o lugar da Avda. de José María Castroviejo, nº X- Cangas (expediente nº 248317080107) canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 62,00 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación redactada polo enxeñeiro técnico industrial R.P.F. en data 28 de agosto de 2018 e vista a autorización da AXI de data 14.03.2019, coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa.

Deberá regular o tráfico durante as obras.

Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendo emprazarse nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de tres mil seiscentos vinte e oito euros con

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 9MJASACXW5XDAJ39TDXHCANY | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 20



Concello de Cangas

noventa céntimos (3.628,90 €), para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "Unión Fenosa Distribución SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberá axustarse, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou máis de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

* Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar todo o vial.

Para a conexión coas vivendas, advírtese da obriga imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 3806/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Nominal

A favor: 2, En contra: 1, Abstencións: 2, Ausentes: 0

A favor

HUGO FANDIÑO ALBERTE
SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI

En contra

MARIANO ABALO COSTA

Abstencións

AURORA PRIETO GAGO
XOSE MANUEL PAZOS VARELA

Ausentes

EXPEDIENTE Nº 3806/2019.- Outorgar a M.T.P.P., con enderezo na Avda. de Marín, nºX Cangas, licenza para legalización dun muro de contención de terras de 14,00 ml., sito en rúa Tobal, nº X-A-San Roque (referencia catastral X), segundo o proxecto elaborado polo arquitecto técnico E.C.M., de data xuño de 2019 e a documentación aportada o 16 de setembro de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a mil catrocentos euros (1.400,00 €).

Dese traslado deste acordo ao departamento de disciplina urbanística, expedientes nº 3397/20196 e nº 2239/2019.

Explicacións do sentido do voto:

1. MARIANO ABALO COSTA:

Indica o seu voto desfavorable porque existe xa un expediente aberto que non foi resolto e que en todo caso non se cumpre coa normativa aplicable.

Expediente 1134/2019. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 9MJASACXW5XDAJ39TDXHCANY | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 20



Vista a proposta de data 16.01.2020 do Sr. alcalde, referente ao expediente nº 1134/2019-S, de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Resultando que no lugar da Rosada-Coiro, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un cobertizo de aproximadamente 20 m²., na fronte da edificación unifamiliar.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, J.A.V.R., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma visto o informe do técnico municipal de data 11 de marzo do 2019.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre seis mil un e sesenta mil euros (6001 e 60.000 €), de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a J.A.V.R. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar cobertizo de aproximadamente 20 m², na fronte da edificación unifamiliar, sen licenza para iso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretario deste o do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lle concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada





antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 442/2020. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a A.M.R., con DNI nº ***0761** e con expediente nº 36008/01/000207 – 68438, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) doce euros con once céntimos/hora (12,11€/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento trinta e cinco euros con trinta e sete céntimos/mes (135,37 €/mes).

Número de horas: 70 horas.





Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de febreiro de 2020.

Expediente 444/2020. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

*CONCEDERLLE a P.P.J., con DNI nº ***8574** e con expediente nº 36008/01/001587 – 74700, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) doce euros con once céntimos (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cero euros/mes (0,00 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de febreiro de 2020.

Expediente 443/2020. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

En vista da solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.G.S., con DNI nº ***1909** e con expediente nº 36008/01/001253 – 62222, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.





Concello de Cangas

* Atencións de carácter psicosocial.

* Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) doce euros con once céntimos/hora (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento trinta e un euros con oitenta e cinco céntimos (131,85 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de febreiro de 2020.

Expediente 441/2020. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a L.J.P., con DNI nº ***7920** e con expediente nº 36008/02/000284 – 75319, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

* Atencións de carácter persoal.

* Atencións de carácter psicosocial.

* Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: setecentos vinte e seis euros con sesenta céntimos (726,60 €) (12'11€/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento oitenta e seis euros con sesenta céntimos/mes (186,60 €/mes).

Número de horas: 60 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de febreiro de 2020.

Expediente 433/2020. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 9MJASACXW5XDAJ39TDXHCANY | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 20



Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a E.T.P., con DNI nº ****3454** e con expediente nº 36008/02/002922, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de libre concorrência e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: trescentos oitenta e catro euros (384,00 €) doce euros con oitenta céntimos (12'80 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: trinta e oito euros con corenta céntimos/mes (38,40 €/mes).

Número de horas: 30 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 27 de xaneiro de 2020.

Expediente 1558/2018. Ampliación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a C.M.A., con DNI nº****3360** e con expediente nº 36008/01/001423 – 26253, a ampliación do Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) doce euros con once céntimos (12,11 €/hora).





Concello de Cangas

Achega económica da persoa usuaria: cento noventa e un euros con trinta e tres céntimos/mes (191,33 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 1 de febreiro de 2020.

Expediente 4671/2018. Ampliación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.M.O., con DNI nº ***3340** e con expediente nº 36008/02/001746-62184, a ampliación do Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) doce euros con once céntimos (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento sesenta e un euros con un céntimo/mes (161,01 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 1 de febreiro de 2020.

Expediente 7569/2017. Dación de conta da Sentenza nº 443/2019 do TSX de Galicia recaída no recurso de apelación nº 4151/2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes datos referentes á Sentenza nº 443/2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de apelación nº 4151/2018, que é como segue:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 9MJASACXW5XDAJ39TDXHCANY | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 20



1.- PO 424/2014.- SENTENZA 443/2019 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA RECAIDA NO RECURSO DE APELACION Nº 4151/2018

- A persoa recorrente: N.C.F.

- Contido:

1) Desestimar o recurso de apelación interposto polo procurador, P.A.L.L., en nome e representación de M.N.C.F.; contra a Sentenza nº 234/2017, do Xulgado do contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos de PO Nº 424/2014.

2) Facer imposición do pago das custas procesais á parte apelante dentro do límite establecido na fundamentación xurídica da presente resolución.

- Sentenza firme (Dilixencia de ordenación do TSX Galicia de data 22.11.2019).

Expediente 481/2020. Proposta da alcaldía de mellora de accesibilidade a colexios electorais e reordenación de seccións en Coiro

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da data 23.01.2020 da alcaldía, referente á mellora de accesibilidade a colexios electorais e reordenación de seccións en Coiro, que é como segue:

PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Expediente: 481/2020

Asunto: mellora de accesibilidade a colexios electorais e reordenación de seccións en Coiro (IES Rodeira, CEIP Castrillón).

Vista a necesidade de mellorar a accesibilidade ao colexio electoral do local de ensaio de Cima de Vila (antiga escola infantil), pola dificultade de acceso ao mesmo debido ás ramplas a superar pola localización deste colexio.

Vista a maior proximidade xeográfica entre o lugar da Retirosa e o colexio electoral de Castrillón-Coiro, mais distante do colexio electoral do IES Rodeira.

Visto que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, no artigo 17, e outros, indica a competencia do Concello, en canto ao padrón municipal de habitantes.

O Real decreto 1691986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, di, no artigo 76, que os concellos revisarán, alomenos unha vez ao ano, a relación de entidades e núcleos de poboación e a división en seccións do termo municipal, de acordo coas definicións e instrucións que establezan as disposicións legais que regulen estas materias e as remitirán ao INE para a súa comprobación.

Visto que a Resolución do 30 de xaneiro de 2015, do presidente do INE e do director xeral de coordinación de competencias coas comunidades autónomas e das entidades locais, pola que ditan





instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do padrón municipal, no seu artigo 14.2, explica a finalidade dos distritos e seccións, necesarios para a xestión do padrón e do censo electoral e a normativa de como se organizan.

Visto que o artigo 23 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, explica como se organizan as circunscricións electorais e no apartado 6 deste mesmo artigo, se afirma que os concellos poden propoñer ás delegacións provinciais das oficinas do censo electoral (INE), a formación doutras mesas e distribuír entre elas o electorado de sección.

Visto que o artigo 24 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, di que as delegacións provinciais das oficinas do censo electoral determinan o número, límites das seccións electorais, os seus locais e as mesas correspondentes a cada unha delas, escoitados os concellos,

PROPOSTA

Primeiro.- Cambiar o colexio electoral situado no local de ensaios de Cima de Vila (tamén chamado antiga escola infantil de Cima de Vila) para o Auditorio Municipal de Cangas, sito na Avda. de Lugo. Para facilitar a accesibilidade ao colexio electoral nos seguintes procesos de eleccións.

Segundo.- Modificar as seccións 001 e 002 do distrito 02 e consecuentemente as seguintes mesas electorais: no colexio electoral IES Rodeira a mesa 02 002 U e no colexio electoral CEIP Castrillón as mesas 02 001 A e 02 001 B, no seguinte sentido: os electores residentes no lugar da Retirosa (238 electores aproximadamente), que ata agora votaban na mesa 02 002 U do IES Rodeira, pasan a votar, para os vindeiros procesos electorais, nas mesas 02 001 A e 02 001 B do CEIP Castrillón-Coiro, repartíndose entre ambas mesas, seguindo os criterios da Delegación Provincial da OCE (Oficina do Censo Electoral do INE).

Terceiro.- Comunicar á Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral e ao Instituto Nacional de Estatística este acordo, así mesmo, informarase á veciñanza, en xeral e aos electores afectados da implantación destas medidas previamente a calquera proceso electoral".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 185/2020. Informe-proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade s/necesidade do servizo de adaptación continua á normativa en materia de protección de datos e do servizo de delegado de protección de datos no Concello de Cangas

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 10.01.2020 da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade, referente á necesidade do servizo de adaptación á normativa en materia de protección de datos e do servizo de delegado de protección de datos no Concello de Cangas, que é como segue:

"INFORME DE NECESIDADE DO SERVIZO DE ADAPTACIÓN CONTINUA Á NORMATIVA EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS E DO SERVIZO DE DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS NO CONCELLO DE CANGAS

Informe sobre a necesidade de contratación do servizo de adaptación continua á normativa en materia de protección de datos e do servizo de delegado de protección de datos para dar





cumprimento á normativa vixente en materia de protección de datos por este Concello (LO 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes):

Como concelleira de transparencia e participación declaro que:

1.- O Concello de Cangas non conta con medios humanos e materiais suficientes para a realización da actividade prevista.

2.- O presente contrato é necesario para o cumprimento e realización das atribucións que corresponden a esta área de goberno, concretamente: adaptación continua á normativa vixente en materia de protección de datos (LO 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes) e contratación do preceptivo delegado de protección de datos.

Analizada a proposta presentada pola mercantil 'RB SOLUCIONES', como oferta mais ventaxosa para o Concello, solicito se proceda a súa contratación para iniciar a execución da devandita oferta".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 4061/2018. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural s/recurso de reposición por desestimación de subvención TR351B 2018/51-5

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 21.01.2020 da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural, referente o recurso de reposición por desestimación de subvención TR351B 2018/51-5, que é como segue:

"PROPOSTA

No DOG nº 152, de data 09.08.2018, se publica Orde do 23 de xullo de 2018 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2018, establecendo un prazo de solicitude de un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no DOG.

Cumprindo o Concello de Cangas as condicións referidas no artigo 2 (entidades beneficiarias) da citada orde, adóptase acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de agosto de 2018 polo que se solicita a subvención. En data 24.08.2018 e número 2018/2202167 de entrada do rexistro electrónico da Xunta de Galicia, remítese a documentación.

Tendo en conta o disposto no punto 13 das bases, que establecen:





3.- O prazo de resolución e notificación será de tres meses contados a partir da finalización do prazo de presentación da solicitude. Se no prazo indicado non se dita resolución expresa entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 23.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.- As resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nesta orde esgotan a vía administrativa. Contra estas resolucións poderá interporse recurso potestativo de reposición ou ben recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, a teor do disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Considerando que o Concello de Cangas presentou en tempo e forma a solicitude de subvención, cumprindo cos requisitos establecidos nas bases e recoñecidos pola propia Consellería de Emprego e Industria en varias ocasións, entre outros o escrito de data 27 de decembro de 2018, no que se sinala:

- A súa solicitude de data 24.08.2018, co número 2018/2202167 de entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, foi recepcionada por outro servizo desta Consellería.

- A conexión entre o sistema de rexistro electrónico da Xunta de Galicia (REXEL) e o sistema de xestión de procedementos administrativos (SXPA) veuse interrompida por mor dun erro informático.

Considerando o disposto no artigo 124 da Lei 39/2015, que dispón:

1.- El plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión.

Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto.

2.- El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes.

3.- Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso.

O devandito acto presunto de desestimación da subvención produciuse o 9 de setembro de 2018.

Considerando que conforme o artigo 124 da Lei 39/2015 en calquera momento a partir do día seguinte a aquel, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Interpoñer recurso de reposición contra o acto presunto de desestimación por silencio da concesión de subvención no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2018, polos





motivos sinalados nos antecedentes.

Segundo.- *Remitir o presente acordo ao órgano competente para a súa resolución".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 4113/2018. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural s/licitación dos postos vacantes da praza de abastos 2018

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 24.01.2020 da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural, referente á licitación dos postos vacantes da praza de abastos 2018, que é como segue:

"Proposta da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 18.03.2019, no que se asumía a proposta da mesa de contratación que propoñía as seguintes adxudicacións:

POSTOS DE CARNICERÍA:

Ø Núm. 16: G.G.C. Canon: once mil seiscientos cincuenta euros (11.650,00 €).

Ø Núm. 22: Mariscos Islas Cíes SL..... Canon: once mil seiscientos vinte e sete euros con oitenta e catro céntimos (11.627,84 €).

Ø Núm. 23: M.D.V.R..... Canon: dezaseis mil cincocentos euros (16.500,00 €).

POSTOS DE PEIXERÍA NO EDIFICIO PRINCIPAL

Ø Núm. 2: A.M.V..... Canon: sete mil cincocentos cincuenta euros (7.550,00 €).

Ø Núm. 7: J.A.G.P..... Canon: sete mil catrocentos euros (7.400,00 €).

Ø Núm. 17: M.C.L.G..... Canon: sete mil cento dezasete euros (7.117,00 €).

Ø Núm. 19: M.T.P.S..... Canon: seis mil trescentos cincuenta euros (6.350,00 €)´.

Visto que tralo preceptivo requirimento, 'Mariscos Cíes SL', non presentou documentación ningunha, J.A.G.P presentou renuncia, G.G.C s renunciou transcorrido o prazo de dous meses para acordar a adxudicación e os restantes licitadores presentaron a documentación pertinente en tempo e forma, constituíron garantía definitiva e aboaron os gastos do anuncio de licitación.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propón a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- *Adxudicar definitivamente os postos de carnicería e peixería que a continuación se*





indican aos adxudicatarios que ofertaron maior canon:

POSTOS DE CARNICERÍA

Ø Núm. 23: M.D.V.R Canon: dezaseis mil cincocentos euros (16.500,00 €).

POSTOS DE PEIXERÍA NO EDIFICIO PRINCIPAL

Ø Núm. 2:A.M.V. Canon: sete mil cincocentos cincuenta euros (7.550,00 €).

Ø Núm. 17: M.C.L.G. Canon: sete mil cento dezasete euros (7.117,00 €).

Ø Núm. 19: M.T.P.S. Canon: seis mil trescentos cincuenta euros (6.350,00 €).

Segundo.- Declarar, de conformidade co criterio establecido polas persoas vencelladas á área de desenvolvemento económico durante a mesa de contratación e reflectida na acta correspondente, desertos os postos de carnicería nº 16 e nº 22 e o nº 7 de peixería no edificio principal, procedendo a devolver a garantía definitiva presentada por G.G.C..

Terceiro.- Requirir aos/ás adxudicatarios/adxudicatarias para que no prazo de 5 días hábiles procedan a ingresar o importe do canon ofertado na conta bancaria de titularidade municipal:

ABANCA ES90 2080 5022 1331 1000 8937

Cuarto.- Citar aos/ás adxudicatarios/adxudicatarias para a sinatura do documento formalizador da concesión demanial dos postos adxudicados, a cal non poderá ter lugar sen o previo pagamento do canon.

Quinto.- Indicar aos/ás adxudicatarios/adxudicatarias a súa obriga de comunicar á tesourería municipal un número de conta no cal domicilian o pago da taxa que deben aboar polo uso privativo dos postos.

Sexto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de apoio xurídico, intervención, tesourería e ao conserxe encargado da praza de abastos".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da alcaldía de comunicacións previas de obras e actividades

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes decretos da alcaldía:

- Decreto nº 2020-0051 de data 16.01.2020
- Decreto nº 2020-0062 de data 17.01.2020





Dación de conta de sinatura de convenio de colaboración entre o Museo de Pobo Galego e o Concello de Cangas s/depósito de material do Centro de documentación da historia local de Cangas

A Xunta de Goberno Local queda informada do seguinte convenio asinado entre o Museo do Pobo Galego e o Concello de Cangas sobre o depósito de material do Centro de documentación da historia local de Cangas, de data 28.12.2019, que é como segue:

*"O Museo do Pobo Galego (en adiante, o MUSEO), con CIF nº G15037195 e domicilio en San Domingos de Bonaval, CP 15703 de Santiago de Compostela e no seu nome e representación don J.G.B., con NIF nº ***3007**, na súa condición de presidente do Padroado do MUSEO e maila vicepresidenta, dona M.C.L.V., con NIF nº ***3224**, como coordinadora do APOI -Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade- do Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego,*

O Concello de Cangas do Morrazo (en diante, o CONCELLO), con CIF nº P3600800A e no seu nome e representación o alcalde, Xosé Manuel Pazos Varela,

CONSIDERANDO a conveniencia de cooperaren na procura dos obxectivos comúns de promover accións concretas orientadas á recuperación, estudo e divulgación da cultura galega de tradición oral, mediante este documento,

EXPOÑEN:

1.- O CONCELLO é propietario dunha colección de 67 cintas de cassette do Centro de Documentación da Historia Local de Cangas, que forman parte dos fondos da biblioteca municipal. A biblioteca, neste momento, non dispón dos medios de reprodución nin salvagarda dixital que permitan asegurar a conservación e consulta destas gravacións.

2.- O MUSEO está interesado en incorporar aos fondos do APOI eses materiais para o seu estudo e difusión sen ánimo de lucro.

Para este efecto,

ACORDAN:

1.- O MUSEO recibe en depósito o material que se relaciona no anexo e encargarase do proceso técnico necesario para dixitalizar as cintas e facer as copias correspondentes.

O CONCELLO é coñecedor de que, dependendo do estado das cintas orixinais, non se pode garantir absolutamente a súa integridade. Malia isto, o MUSEO asegura que o tratamento dos materiais será encomendado a un profesional especializado, para minimizar os riscos de deterioro.

Os cassetes orixinais e unha copia dixital serán entregados de volta ao CONCELLO. Outra copia dixital quedará en propiedade do MUSEO, que poderá incorporar os materiais ao APOI (Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade) e ao seu repositorio en rede, de acordo cos seus criterios de investigación e divulgativos, facendo sempre constar os datos correspondentes a súa orixe, informantes, compiladores, datación e demais referencias de interese.

E para que conste, asínano por duplicado e para un só efecto.





Concello de Cangas

En Santiago de Compostela, a 28 de decembro de 2019.

LISTADO DE CASSETTES do Fondo Local da Biblioteca Municipal Central

0. – J.F.
1. – B.G.L. (1-2)
2. – E.O.G.
3. – J.A.G.F. (1-2)
4. – S.L.P., M.T.V.
5. – A.A.P.
6. – M.H.M.
7. – A.R.H. (1-2)
8. – M.C.H.M.
9. – M.V.C. (1-2)
10. – A.H.G. (1-2)
11. – I.G.O. (1-2)
12. – C.C.O.
13. – D.M.G.
14. – A.G.G.
15. – M.G.C.
16. – J.S.A.
17. – M.F.F. (1-2)
18. – D.M.V.
19. – L.G.G.
20. – J.S.A.
21. – R.G.G.
22. – A.F.A.
23. – M.A., J.S., E.R.
24. – M.F.N. (1-2)
25. – L.R.G.(1-2)
26. – E.G.C. (1-2)
27. – V.R.G. (1-2)
28. – A.M.C.
29. – L.G.B.
30. – J.A.R.R.
31. – M.A.F.
32. – E.P.C.
33. – C.F.R.
34. – N.F.B.
35. – R.Ñ.R. (1-2)
36. – A.P.S.
37. – D.R.B (1-5)
38. – M.D.A.S.F. (1-2)
39. – B.C.M. (1-2)
40. – L.R.F.
41. – M.S.A. (1-2)
42. – J.G.R.
43. – C.F., P.G.(1-2)
44. – J.G.C.
45. – Escola de Pais (Colexio ARúa)

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 9MJASACXW5XDAJ39TDXHCANY | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 20



Concello de Cangas

46. - *Elisa Rodríguez Costas.* "

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castela, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

